



In memóriam

Trapiño Vello (Maquicha)

María Carmen Pablos Martín

Manolo Regal Ledo

Maquicha García Agudín,
Relixiosa da Compañía de María en Bazar, Santa Comba,
faleceu o día 10 de abril de 2017 aos 80 anos.

Maquicha, muller sinxela, íntegra e verdadeira. Muller relixiosa, dunha soa peza, de ben e de fiar, amiga dos seus amigos e amigas, «boa xente».

Escoitadora da Palabra de Deus, movida polo Espírito no seu interior que a impulsa nos pequenos detalles de cada día. Coidadora de roseiras, contemplativa, amante da natureza, cociñeira incansable, servizal...

Enfermeira de profesión, coidadora da saúde en Pedrafita do Cebreiro durante 25 anos, chegando aos recunchos máis recónditos da montaña, alí onde alguén precisara da súa axuda.

Maquicha soubo facer da súa profesión sanadora a súa maneira preciosa de estar na vida. Sempre en servizo coa «bata branca» incorporada no seu «ADN», polas distintas comunidades da Compañía, comunidades de irmás maiores, Ferrol, Santiago... onde, coma Xesús, cinguíase coa toalla na cintura, poñéndose aos pés das compañeiras e irmás. Visitadora e acompañante de familias da Parroquia de Bazar, Santa Comba, o seu último destino.

Unha dolorosa enfermidade, metástase na columna, dun cancro de mama anterior, levouna en dous meses.

Nese tempo atopamos a Maquicha coma a muller que con sinxeleza e fondura pasa de ser «visitadora a ser visitada, de ser

coidadora a ser coidada agradecida a todos os detalles que con tanto cariño se lle ofrecían pola súa familia, irmás da comunidade, amigas e amigos, persoal sanitario... Como consecuencia dunha longa e delicada intervención, o seu corpo e todo o seu ser, se foi afundindo.

Unha e outra vez expresaba que se sentía inútil, sen valía, semellante a un «vello trapiño».

Manolo Regal un día que estivo visitándoa no hospital, quedou impresionado da fondura coa que expresaba os eu estado de ánimo. O día do pasamento de Maquicha fíxose presente con este entrañable poema.

María Carmen Pablos Martín

Trapiño vello, inútil, dicías ser,
que non vale máis que para ser tirado a un lado,
Ignoralo, abandonalo.

Trapiño vello es abofé!,
pero para ser agradecido e custodiado.

Trapiño vello, gastado, acabado,
de tanto enxugar bágoas,
de tanto curar feridas,
de tanto quitar o po
de sobre as costas do pobo.

Trapiño vello, engurrado, rachado,
sen traza nin figura,
como o rostro venerado
do Cristo da paixón
para ser resucitado.

Trapiño vello
cargado de soños e de amores
que toda a familia gardará con esmero
como reliquia sagrada,
como o mellor recordo
do teu paso polo mundo.

Trapiño vello,
que Deus recollerá emocionado
para pousalo no cofre dos amores eternos,
os que nunca acaban,
os que teñen trazas de eternidade,
os que misteriosamente se fan semente
para alegrar o pobo,
para que a esperanza nunca morra
neste mundo cativo e desnortado.

Trapiño vello,
precioso,
o teu corpo gastado,
os teus ánimos rendidos,
o teu ser crucificado,
á espera da aberta recreadora,
que Deus mesmo, en persoa,
che estará dando nesta hora.

Feliz trapiño vello, Maquicha,
regalo de Deus que gardaremos emocionadas
como o mellor tesouro.

Manuel Regal Ledo